

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

10926 *Real decreto 899/2015, do 9 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.*

A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, dispón, no seu artigo 31.5, que, para poder actuar como servizos de prevención, as entidades especializadas deberán ser obxecto dunha acreditación pola autoridade laboral, que será única e con validez en todo o territorio español, mediante a comprobación de que reúnen os requisitos que se establezan regulamentariamente e logo da aprobación da autoridade sanitaria en canto aos aspectos de carácter sanitario.

Tamén a Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, no seu capítulo V, «Principio de eficacia en todo o territorio nacional», establece que calquera operador legalmente establecido poderá exercer a actividade económica sen que caiba exixirle novas autorizacións ou trámites adicionais doutras autoridades competentes diferentes. Esta lei dispón, no seu artigo 20.1, que terán plena eficacia en todo o territorio nacional, sen necesidade de que o operador económico realice ningún trámite adicional ou cumpra novos requisitos, todos os medios de intervención das autoridades competentes que permitan o acceso a unha actividade económica ou o seu exercicio, ou acrediten o cumprimento de certas calidades, cualificacións ou circunstancias. A lei sinala que, en particular, terán plena eficacia en todo o territorio nacional, sen que se poida exixir ao operador económico o cumprimento de novos requisitos, as autorizacións, licenzas, habilitacións e cualificacións profesionais obtidas dunha autoridade competente para o acceso ou o exercicio dunha actividade, para a produción ou a posta no mercado dun ben, produto ou servizo.

Este principio de eficacia non é, porén, aplicable a actuacións relacionadas coas instalacións ou infraestruturas físicas. Así o establece o artigo 20.4 da mesma lei que, malia isto, determina que, cando o operador estea legalmente establecido noutro lugar do territorio, as autorizacións ou declaracións responsables non poderán considerar requisitos que non estean ligados especificamente á instalación ou infraestrutura.

Por último, débese sinalar que na Lei de garantía da unidade de mercado se dispón que, no prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor, se procederá á adaptación das disposicións vixentes con rango legal e regulamentario ao disposto nela.

Unha vez avaliado o Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, identificouse que, debido a distorsións na interpretación e aplicación desta norma, diferentes comunidades autónomas están exixindo aos servizos de prevención requisitos adicionais que, na práctica, implican novas autorizacións incompatibles tanto coa Lei de prevención de riscos laborais como coa Lei de garantía da unidade de mercado. Por isto, resulta necesario realizar unhas modificacións puntuais no real decreto anteriormente mencionado, con obxecto de clarificar os requisitos e as exixencias para a actividade dos servizos de prevención, así como a validez das autorizacións en todo o territorio nacional, de maneira que se cumpran os principios establecidos nas mencionadas leis e non se xeren dúbidas que sigan levando as diferentes autoridades a solicitar novas exixencias non compatibles coas ditas leis. Así, modifícanse unicamente aqueles aspectos que, no proceso de revisión da normativa estatal, os operadores xurídicos detectaron como contrarios á Lei de garantía da unidade de mercado.

Por isto, o artigo único deste real decreto modifica o Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, cos seguintes obxectivos:

Clarificar que existe unha única acreditación nas catro disciplinas. A acreditación outórgase unha soa vez e todos os servizos de prevención alleos deben contar coas catro

especialidades, sen que se poida outorgar unha acreditación parcial ou por especialidades. De maneira que cando un servizo de prevención alleo sexa acreditado por parte de calquera autoridade laboral das comunidades autónomas, tendo en conta que actualmente debe obter de maneira simultánea as catro especialidades, non terá que volver pasar un proceso de acreditación en ningún outro lugar do territorio nacional, sen prexuízo de obter as autorizacións sanitarias pertinentes cando se trate da apertura de centros sanitarios.

Precisar que os recursos con que debe contar o servizo de prevención alleo van ligados á súa actividade concertada e considerada esta de maneira global en todo o territorio nacional.

Simplificar os requisitos para poder acreditarse como servizo de prevención alleo e o propio procedemento de acreditación.

Garantir que todas as autoridades laborais coñecerán os cambios producidos nos datos dos servizos de prevención alleos e non só a autoridade que acreditou.

Fomentar a axilización do proceso de intercambio de datos entre administracións públicas a través da aplicación informática Serpa, de maneira que a súa utilización e asunción como rexistro determine o cumprimento das obrigacións de comunicación establecidas na normativa, sen prexuízo das actuacións que poidan realizar as autoridades laborais para comprobar a veracidade dos datos comunicados.

Suprimir o procedemento administrativo de revogación parcial, con base no principio de unidade de mercado que determina que a cuantificación dos traballadores e recursos se debe considerar de forma global, sen que o ámbito territorial –no sentido de división xeográfica administrativa- poida ser o criterio decisivo na materia. Deste xeito, a revogación da acreditación deberase producir sempre que, efectivamente, a insuficiencia de recursos se determine de maneira global tomando España como unidade de cómputo, sen consideración de comunidades autónomas ou provincias.

Por último, modifícase o artigo 11 para adaptar o seu contido á modificación introducida no artigo 30.5 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, pola Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización.

A disposición derradeira primeira está referida ao título competencial. A disposición derradeira segunda establece a habilitación para o desenvolvemento regulamentario. A disposición derradeira terceira refírese ao portelo único. Por último, a disposición derradeira cuarta sinala a entrada en vigor tras a publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Este real decreto dítase de conformidade co artigo 6 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, e na súa elaboración foron consultadas as organizacións sindicais e empresariais máis representativas e oída a Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Emprego e Seguridade Social, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de outubro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.*

O Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, queda modificado nos seguintes termos:

Un. A letra a) do artigo 11.1 queda redactada como segue:

«a) Que se trate de empresa de até dez traballadores ou que, tratándose de empresa que ocupe até vinte e cinco traballadores, dispoña dun único centro de traballo».

Dous. O artigo 18 queda redactado como segue:

«Artigo 18. *Recursos materiais e humanos das entidades especializadas que actúen como servizos de prevención alleos.*

1. As entidades especializadas acreditadas como servizos de prevención alleos deberán contar coas instalacións e cos recursos materiais e humanos que lles permitan desenvolver adecuadamente a actividade preventiva que concertasen, tendo en conta o tipo, a extensión e a frecuencia dos servizos preventivos que deben prestar, o tipo de actividade desenvolvida polos traballadores das empresas concertadas e a localización e tamaño dos centros de traballo en que a dita prestación se debe desenvolver, de acordo co que se estableza nas disposicións de desenvolvemento deste real decreto.

2. En todo caso, as ditas entidades deberán:

a) Contar coas especialidades ou disciplinas preventivas de medicina do traballo, seguridade no traballo, hixiene industrial, e ergonomía e psicocioloxía aplicada.

b) Dispor, como mínimo, dun técnico que conte coa cualificación necesaria para o desempeño das funcións de nivel superior, de acordo co establecido no capítulo VI, por cada unha das especialidades ou disciplinas preventivas sinaladas no parágrafo anterior, salvo no caso da especialidade de medicina do traballo, que exixirá contar, ao menos, cun médico especialista en medicina do traballo ou diplomado en Medicina de Empresa e un ATS/DUE de empresa. Así mesmo, deberán dispor do persoal necesario que teña a capacitación requirida para desenvolver as funcións dos niveis básico e intermedio previstas no capítulo VI, en función das características das empresas cubertas polo servizo.

Os expertos nas especialidades mencionadas actuarán de forma coordinada, en particular en relación coas funcións relativas ao deseño preventivo dos postos de traballo, a identificación e avaliación dos riscos, os plans de prevención e os plans de formación dos traballadores.

c) Dispor, para o desenvolvemento das actividades concertadas, das instalacións e instrumentos necesarios para realizar as probas, recoñecementos, medicións, análises e avaliacións habituais na práctica das especialidades citadas, así como para o desenvolvemento das actividades formativas e divulgativas básicas, nos termos que determinen as disposicións de desenvolvemento deste real decreto.

3. Sen prexuízo da necesaria coordinación indicada no número 2 deste artigo, a actividade sanitaria contará, para o desenvolvemento da súa función dentro do servizo de prevención, coa estrutura e os medios adecuados á súa natureza específica e a confidencialidade dos datos médicos persoais.»

Tres. O artigo 23 queda redactado como segue:

«Artigo 23. *Solicitud de acreditación.*

As entidades especializadas que pretendan ser acreditadas como servizos de prevención deberán formular solicitude ante a autoridade laboral competente do lugar onde radiquen as súas instalacións principais, en que se fagan constar os seguintes aspectos:

a) Nome ou denominación social, número de identificación fiscal e código de conta de cotización á Seguridade Social.

b) Descrición da actividade preventiva que se vai desenvolver.

c) Previsión do sector ou sectores en que pretende actuar, así como do número de empresas e volume de traballadores aos cales irá dirixida e recursos materiais previstos para o efecto.

d) Previsión de dotación de persoal para o desempeño da actividade preventiva, debidamente xustificada, que deberá ser efectiva no momento en que a entidade empece a prestar servizos, e con indicación da súa cualificación profesional e dedicación.

e) Identificación das instalacións, dos medios instrumentais e da súa respectiva localización, tanto as que sexan propiedade da entidade como aquelas das cales poida dispor por calquera outro título.

f) Compromiso de ter subscrita unha póliza de seguro ou garantía financeira equivalente que cubra a súa responsabilidade, por unha contía mínima de 1.841.000 euros, efectiva no momento en que a entidade empece a prestar servizos, sen que a citada contía constitúa o límite da responsabilidade do servizo.

g) Os contratos ou acordos que se establecerán, se for o caso, con outras entidades para a realización de actividades que requiran coñecementos especiais ou instalacións de gran complexidade.»

Catro. O artigo 25 queda redactado como segue:

«Artigo 25. *Procedemento de acreditación.*

1. Unha vez recibida a solicitude sinalada no artigo 23, a autoridade laboral remitirá copia á autoridade sanitaria competente do lugar en que radiquen as instalacións principais da entidade especializada, cos fins previstos no artigo 31.5 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais. A dita autoridade sanitaria comunicará á autoridade laboral a súa decisión acerca da aprobación en canto aos aspectos de carácter sanitario.

2. Ao mesmo tempo, a autoridade laboral competente solicitará informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social e dos órganos técnicos en materia preventiva da comunidade autónoma ou, no caso das cidades de Ceuta e de Melilla, do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.

3. A autoridade laboral competente solicitará informe preceptivo de todas as comunidades autónomas en que a entidade identificase as instalacións ás cales se refire o artigo 23.e). A autoridade sanitaria competente fará o mesmo respecto das autoridades sanitarias das comunidades autónomas en que existan instalacións sanitarias e en relación coa aprobación dos aspectos sanitarios.

O informe das autoridades laborais afectadas versará sobre os medios materiais e humanos da entidade solicitante.

4. Unha vez recibida a solicitude, as autoridades laborais requiridas solicitarán, pola súa vez, informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social e dos seus órganos técnicos territoriais en materia de seguridade e saúde no traballo, así como cantos outros informes consideren necesarios.

5. A autoridade laboral, á vista da decisión da autoridade sanitaria e dos informes emitidos, ditará e notificará a resolución no prazo de tres meses, contados desde a entrada da solicitude no rexistro do órgano administrativo competente para resolver, en que acredite a entidade ou denegue a solicitude formulada. O dito prazo ampliarase a seis meses no suposto previsto no número 3.

Transcorrido o dito prazo sen que se notificase resolución expresa, a solicitude poderase entender desestimada por silencio administrativo, de conformidade co artigo 31.6 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

6. Procederá ditar resolución estimatoria por parte da autoridade laboral competente cando se comprobe o cumprimento de todos os aspectos sinalados no artigo 23.

A resolución estimatoria inscribírase no Rexistro a que se refire o artigo 28.

7. Contra a resolución expresa ou presunta da autoridade laboral poderase interpor recurso de alzada no prazo dun mes ante o órgano superior xerárquico correspondente.»

Cinco. O artigo 26 queda redactado como segue:

«Artigo 26. *Mantemento dos requisitos de funcionamento.*

1. As entidades especializadas deberán manter, en todo momento, os requisitos necesarios para actuar como servizos de prevención establecidos neste real decreto e nas súas disposicións de desenvolvemento.

Co fin de garantir o cumprimento desta obrigaición, as entidades especializadas deberán comunicar á autoridade laboral competente calquera variación que poida afectar os ditos requisitos de funcionamento a través dos correspondentes rexistros nun prazo máximo de dez días.

2. As autoridades laboral e sanitaria poderán verificar, no ámbito das súas competencias, o cumprimento dos requisitos exixibles para o desenvolvemento das actividades do servizo, e comunicarán á autoridade laboral que concedeu a acreditación as deficiencias detectadas con motivo de tales verificacións.

3. Se como resultado das comprobacións efectuadas, ben directamente ben a través das comunicacións sinaladas no número anterior, a autoridade laboral que concedeu a acreditación comproba o incumprimento dos requisitos a que se refire o número anterior poderá suspender e, se for o caso, revogar a acreditación outorgada conforme o procedemento que se establece no artigo 27.

4. Así mesmo, a acreditación poderá ser revogada pola autoridade laboral competente, como consecuencia de sanción por infracción grave ou moi grave das entidades especializadas que actúen como servizos de prevención alleos, de acordo co artigo 40.2 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto. Neste caso, o procedemento de revogación iniciarase só en virtude da resolución administrativa firme que aprecie a existencia de infracción grave ou moi grave.»

Seis. O número 7 do artigo 27 queda redactado como segue:

«7. A resolución notificarase no prazo máximo de seis meses desde a data do acordo de iniciación do expediente de revogación conforme o número 1 e declarará unha das seguintes opcións:

- a) O mantemento da acreditación.
- b) A suspensión da acreditación cando o expediente se iniciase pola circunstancia sinalada no número 3 do artigo anterior.
- c) A revogación definitiva da acreditación cando o expediente se deba á concorrencia da causa prevista no número 4 do artigo anterior.

No caso da letra b), a resolución deberá fixar o prazo en que a entidade debe reunir as condicións e requisitos para reiniciar a súa actividade e a advertencia expresa de que, en caso contrario, a acreditación quedará definitivamente revogada. Se a entidade especializada notifica o cumprimento das citadas condicións ou requisitos dentro do prazo fixado na resolución, a autoridade laboral competente, logo das comprobacións oportunas, ditará nova resolución no prazo máximo de tres meses en que levante a suspensión acordada ou revogue definitivamente a acreditación.»

Sete. O artigo 28 queda redactado como segue:

«Artigo 28. *Rexistro.*

1. Nos órganos competentes das comunidades autónomas ou da Administración xeral do Estado, no caso das cidades de Ceuta e de Melilla, crearase un rexistro en que serán inscritas as entidades especializadas que fosen acreditadas como servizos de prevención, así como as persoas ou entidades especializadas ás

cales se concedese autorización para efectuar auditorías ou avaliacións dos sistemas de prevención, de conformidade co establecido no capítulo V.

2. A configuración dos rexistros deberá permitir que, con independencia da autoridade laboral competente que expedise a acreditación:

a) Os cidadáns poidan consultar as entidades especializadas acreditadas como servizos de prevención alleos ou entidades auditoras.

b) As entidades especializadas poidan cumprir as súas obrigacións de comunicación de datos relativos ao cumprimento dos requisitos de funcionamento coas autoridades laborais competentes.

c) As autoridades laborais, as autoridades sanitarias, a Inspección de Traballo e Seguridade Social, o Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, así como os órganos técnicos territoriais en materia de seguridade e saúde no traballo, poidan ter acceso a toda a información dispoñible sobre as entidades especializadas acreditadas como servizos de prevención alleos ou entidades auditoras, á marxe da autoridade que expedise a acreditación.

3. Os datos que figuren nos rexistros das autoridades competentes, incluíndo as comunicacións de datos relativos ao cumprimento dos requisitos de funcionamento a que se refire o artigo 26, incorporaranse a unha base de datos xeral cuxa xestión corresponderá á Dirección Xeral de Emprego do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

A configuración desta base de datos deberá permitir ás comunidades autónomas que os seus respectivos rexistros cumpran as funcións que se lles atribúen no número 2.

4. Os órganos a que se refire o número 1 enviarán á Dirección Xeral de Emprego do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, no prazo de oito días hábiles, copia de todo asento practicado nos seus respectivos rexistros. As autoridades competentes que asuman como rexistro a aplicación informática da base de datos xeral a que se refire o número 3 cumprirán a dita obrigación de comunicación coa soa incorporación dos datos á referida aplicación informática.

5. As relacións entre as autoridades laborais rexeranse polo principio de cooperación e polo establecido no artigo 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. A xestión dos datos que figuran nos rexistros levarase a cabo de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os datos de carácter persoal non se poderán usar para finalidades distintas daquelas para as cales fosen recollidos.»

Disposición transitoria única. *Procedementos en tramitación.*

Os procedementos de acreditación iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto tramitaranse e resolveranse conforme a normativa vixente no momento da presentación da solicitude. Non obstante, o interesado poderá, con anterioridade á resolución, desistir da súa solicitude e optar pola aplicación da nova normativa.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.7.^a da Constitución española, que establece a competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polas comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habílitase a ministra de Emprego e Seguridade Social para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do establecido no presente real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Portelo único.*

Para os efectos de garantir o disposto no artigo 22 da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, adoptaranse as medidas necesarias para o seu cumprimento e, en particular, para garantir a interoperabilidade dos distintos sistemas que dependan do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, de acordo co Esquema nacional de interoperabilidade.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de outubro de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Emprego e Seguridade Social,
FÁTIMA BÁÑEZ GARCÍA